



CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DO DEPARTAMENTO TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR EN VIGO, POLA QUE SE PUBLICA A LISTA ABERTA PARA O INCREMENTO DE COTAS DE CAPTURA PARA AS EMBARCACIÓNS INCLUÍDAS NO PLAN DE XESTIÓN DO RECURSO ESPECÍFICO SOLÉNIDOS MEDIANTE MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DESDE SUPERFICIE DA CONFRARÍA DE PESCADORES DA ILLA DE AROUSA, E AS EMBARCACIÓNS EXCLUÍDAS DO PROCESO

Advertido un erro na Resolución do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, do día 11.08.2025, **polo que se publica a lista aberta para o incremento de cotas de captura para as embarcacións** incluídas no *plan de xestión do recurso específico solénidos mediante mergullo en apnea e con subministro de aire desde superficie* da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa, e as embarcacións excluídas do proceso, cómpre facer a seguinte corrección:

ONDE DI:

ANTECEDENTES

4. Mediante Resolución do 29 de maio de 2025 o Departamento Territorial da Consellería do mar en Vigo abriu o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no plan de xestión de solénidos co modalidade de mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie, da Confraría de pescadores da Illa de Arousa.

5. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, non se presentaron alegacións á puntuación provisional outorgada.

DEBE DICIR:

ANTECEDENTES:

4. Mediante Resolución, do 29 de maio de 2025, o Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, ábrese o prazo de presentación de solicitudes para a elaboración da lista aberta para o incremento do número de cotas de captura das embarcacións incluídas no *plan de xestión de solénidos coa modalidade de mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie*, da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

5. Mediante Resolución, do 15 de xullo de 2025, do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publicouse a lista provisional de puntuacións con **dúas (2)** embarcacións admitidas no proceso, dándose un prazo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, para realizar alegacións ás puntuacións outorgadas. Non hai embarcacións excluídas do proceso.

6. Transcorrido o prazo indicado no punto anterior, non se presentaron alegacións á puntuación provisional outorgada.

Mediante este documento, notifícaselle á entidade esta Resolución, de acordo co disposto no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. Publicarase no taboleiro de anuncios do Departamento Territorial da Consellería do Mar en Vigo e na páxina web <http://mar.xunta.gal>. Esta Resolución tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro de anuncios das xefaturas comarcais de Pontevedra e Vilagarcía e da Confraría de Pescadores da Illa de Arousa.

A directora territorial
María Elena Suárez Sarmiento

